Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais caracte-
rísticas do proxecto 2008 00006, incluído na aplicación
orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3420(63914)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais caracte-
rísticas do proxecto 2008 00007 incluído na aplicación orza-
mentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

Resposta do Goberno: Doc. núm. 65879

- 08/5PRE-3421(63915)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais caracte-
rísticas do proxecto 2009 00009, incluído na aplicación
orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3422(63916)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais caracte-
rísticas do proxecto 2009 00015, incluído na aplicación
orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3423(63917)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais caracte-
rísticas do proxecto 2009 00016, incluído na aplicación
orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3424(63918)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cervinho González, Francisco Xulio e Losada Álvarez, Abel
Fermín

Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2009 00017, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3425(63919)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2009 00018, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3426(63920)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2010 00015, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3427(63921)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2007 00001, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3428(63922)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2007 00003, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3429(63923)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2008 00005, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3430(63924)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín

Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2010 00009, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3431(63925)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2010 00013, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3432(63926)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2010 00014, incluído na aplicación orzamentaria 07.82.542B.740.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3433(63927)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2009 00016, incluído na aplicación orzamentaria 07.90.531A.605.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3434(63928)(65879)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Caride Estévez, María José e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre a denominación, a descrición e as principais características do proxecto 2010 00014, incluído na aplicación orzamentaria 07.90.531A.605.0
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3446(64026)(65877)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme
Sobre os motivos do recorte das licenzas por estudos ao profesorado
BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3447(64027)(65708)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a existencia de prazas escolares suficientes para cubrir a demanda dos diferentes concellos galegos

BOPG núm. 458, do 27.04.2011

- 08/5PRE-3454(64046)(66039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre o motivo da Consellería de Cultura e Turismo para non dispor dunha partida dedicada á urxente actuación de restauración e protección patrimonial do castro de Baroña, no concello de Porto do Son, como fixa o seu Plan especial de protección

BOPG núm. 460, do 29.04.2011

- 08/5PRE-3455(64047)(66039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as previsións da Consellería de Cultura e Turismo respecto da realización durante o ano 2011 dalgún tipo de investimento na restauración e protección patrimonial do castro de Baroña, no concello de Porto do Son, como fixa o seu Plan especial de protección

BOPG núm. 460, do 29.04.2011

- 08/5PRE-3456(64048)(66039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre a xustificación do Goberno galego dos motivos polos que non dispón dunha partida orzamentaria destinada á execución do Plan especial de protección do castro de Baroña, no concello de Porto do Son

BOPG núm. 460, do 29.04.2011

- 08/5PRE-3457(64049)(66039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre os investimentos realizados polo Goberno galego no ano 2009 no castro de Baroña, no concello coruñés de Porto do Son

BOPG núm. 460, do 29.04.2011

- 08/5PRE-3458(64050)(66039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre os investimentos realizados polo Goberno galego no ano 2010 no castro de Baroña, no concello coruñés de Porto do Son

BOPG núm. 477, do 25.05.2011

- 08/5PRE-3459(64051)(66039)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre os investimentos previstos polo Goberno galego durante o ano 2011 no castro de Baroña, no concello coruñés de Porto do Son

BOPG núm. 477, do 25.05.2011

- 08/5PRE-3486(64270)(65711)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e Sánchez Montenegro, Isabel

Sobre a situación na que se atopa a concesión de auga procedente do río Goiáns solicitada pola Asociación Cultural Moendo Vivo no concello de Brión para a posta en marcha dun proxecto de recuperación de catro muiños na parroquia de Luaña, e as razóns do requirimento de Augas de Galicia de instalación dun contador

BOPG núm. 463, do 04.05.2011

- 08/5PRE-3503(64351)(65997)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre as razóns da Xunta de Galicia de non apoiar a iniciativa de promoción do galego entre a mocidade "Correlingua 2011" e as previsións ao respecto

BOPG núm. 463, do 04.05.2011

- 08/5PRE-3511(64393)(66040)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a existencia de toponimia deturpada no Catálogo de bens de patrimonio histórico do Ministerio de Cultura

BOPG núm. 463, do 04.05.2011

- 08/5PRE-3563(64618)(65713)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier e Sestayo Doce, Beatriz

Sobre a execución pola Xunta de Galicia das obras necesarias para evitar os problemas ocasionados nas vivendas dos

veciños afectados polas obras da estrada AC-566, Narón-Campo do Hospital, ao seu paso polas Lagoas, no concello de Narón, as razóns do diferente trato que se está a aplicar no que atinxe aos muros de cerramento das propiedades e a realización dos accesos

BOPG núm. 468, do 11.05.2011

- 08/5PRE-3564(64619)(65712)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

López Vidal, Pablo Xabier

Sobre a execución pola Xunta de Galicia das obras de mellora necesarias no punto quilométrico 15 da estrada AC-862, Ferrol-Límite da provincia da Coruña, na parroquia de Doso, no concello Narón

BOPG núm. 468, do 11.05.2011

- 08/5PRE-3569(64645)(65999)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Burgo López, María Concepción e Méndez Romeu, José Luis

Sobre o orzamento que vai destinar a Consellería de Cultura e Turismo, así como os demais departamentos da Xunta de Galicia, para a realización do I Festival internacional Rías Baixas de música, danza e teatro, os datos referidos á súa organización e á contratación dos artistas e das empresas de produción

BOPG núm. 468, do 11.05.2011

- 08/5PRE-3601(65059)(66064)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a instalación dun paso de peóns no punto quilométrico 10 da AC-433, no lugar de Catrelo, en Soesto, no concello de Laxe

BOPG núm. 477, do 25.05.2011

- 08/5PRE-3604(65065)(66071)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bouza Santiago, Ana Luisa e Táboas Veleiro, María Teresa
Sobre a entrada en concurso de acredores da Fundación Galicia Saúde, responsable da xestión do hospital do Centro Galego de Bos Aires

BOPG núm. 477, do 25.05.2011

- 08/5PRE-3628(65188)(66006)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre as previsións de presenza da lingua galega nas indicacións de obras nos viais e infraestruturas de titularidade autonómica

BOPG núm. 483, do 03.06.2011

- 08/5PRE-3631(65203)(66094)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a exclusión da lingua galega na sinalización de paneis luminosos da autovía das Rías Baixas, A-52, no túnel da Cañiza

BOPG núm. 483, do 03.06.2011

- 08/5PRE-3643(65293)(66067)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel e López Vidal, Pablo Xabier

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o pagamento dos terreos expropiados para a construción do corredor Brión-Martelo-Noia

BOPG núm. 486, do 08.06.2011



Santiago de Compostela, 14 de xuño de 2011

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1.º



RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **núms.:** 61464, 61465, 61468, 61469, 61470, 61471, 61472, 61473, 61478, 61479, 61480, 61481, 61482, 61483, 61485, 61486, 61489, 61490, 61755, 61756, 61760, 61765, 61766, 61770, 61773, 61774, 61844, 61845, 61860, 61862, 61863, 61864, 61865, 61866, 61867, 61868, 61869, 61870, 61871, 61872, 61873, 61874, 61875, 61876, 61877 e 61878, formuladas polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Henrique Viéitez Alonso, sobre **"as actuacións realizadas polo Goberno galego en materia de conservación e seguridade en diversas estradas da provincia de Pontevedra"**, (publicadas no BOPG 434, DO 21/03/2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas** o seguinte contido:

"As actuacións realizadas pola Xunta de Galicia en canto á conservación ordinaria ou frecuente realizadas en ditas estradas consistiron en

- Limpeza periódica e, no seu caso, segado de marxes, foxos, calzada, áreas de descanso, etc.
- Conservación e reposición da sinalización vertical.
- Reposición de sinalización horizontal.



- Reparación e limpeza de drenaxe lonxitudinal con construción de foxo revestido nos casos necesarios.
- Conservación e reposición das obras de drenaxe transversal, incluíndo reparacións de arquetas e pozos de rexistro, nos casos necesarios.
- Conservación, mantemento e, no seu caso, reparación de firmes de calzada.
- Operacións preventivas de vialidade invernal e, no seu caso, emprego de maquinaria quitaneves.
- Reparación, en caso de avaría, e, de forma preventiva, desmontes e terrapléns.
- Actuacións por causas de emerxencia das incidencias que se produciron.

Nos próximos dous anos realizaranse aquelas actuacións de conservación ordinaria que demanden as incidencias ou avarías.

Dentro da conservación non está prevista ningunha actuación extraordinaria nos próximos anos nestas estradas, se ben non debe esquecerse que a Consellaría de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas ten entre as súas prioridades a realización daquelas obras que se estimen necesarias co fin de acadar unha mellora da seguridade viaria.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.


Santiago de Compostela, 1 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias




Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62081**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana L. Bouza Santiago e dona Ana Belén Pontón Mondelo, sobre **"a posta en valor e conservación dos restos do vello estaleiro existente na Cabana, na ría de Ferrol"**, (publicada no BOPG núm. 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, dependente da Consellería de Cultura e Turismo, ten identificado e analizado o elemento en varios aspectos. Da ficha que sobre o ben consta nos arquivos da dirección xeral despréndese que o inmovible é de titularidade municipal, ocupa unha área máis ou menos rectangular de 13.500 m² e está formado por unha grande chaira de terra, probablemente construída como un recheo artificial, sobre o que se levantan na actualidade distintos edificios, algún deles probablemente relacionado co uso orixinal, e outros máis recentes con outros usos posteriores. Hoxe en día os que se atopan en uso utilízanse como sede de dous clubs deportivos de remo. Entre os elementos orixinais conservados destaca sobre todo o 'dique seco de carenar' e xunto a el consérvanse a rampla ou grada de construción, os peiraos, e a zona de obradoiros e almacéns (en ruínas ou transformados).



Recóllese así mesmo que foi construído no século XIX, a partir de 1810, e que representou un complemento senlleiro da actividade dos arsenais militares da Ría de Ferrol (Ferrol e A Graña), construíndose ou reparándose durante o século XIX nese vello estaleiro da Cabana fragatas, corbetas, goletas e bergantíns, non estando polo de agora o ben incluído no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia.

A Xunta de Galicia considera que este ben posúe valores que o fan merecedor da súa conservación e protección, sendo esta cuestión analizada en profundidade con motivo dun escrito do concello de Ferrol, do 17 de abril do 2008, dirixido a Consellería de Cultura e Deportes no que solicitaba a declaración como Ben de Interese Cultural do que denominan como 'Arsenal Civil da Cabana'. Achegábase con ese escrito un documento redactado polo CIEFAL (Centro internacional de estudos de fortificación e apoio loxístico de ICOMOS – España), que entre outro contido recolle unha descrición do ben e unha axeitada defensa dos seus valores culturais.

O servizo de arquitectura e etnografía, mediante escrito do 3 de febreiro de 2009, informa favorablemente esa solicitude, sobre a base de que o devandito ben posúe valores propios suficientes (históricos, artísticos, etnográficos, arqueolóxicos e científico-técnicos) para ser recoñecido como un ben de interese relevante para a permanencia da identidade da cultura galega a través do tempo. Destaca en particular, o seu carácter sobranceiro, por ser o único arsenal deste tipo existente en Galicia e probablemente un dos poucos que se conservan no mundo que basearan o seu funcionamento no baleirado e enchido natural das mareas. E menciona expresamente tamén a súa relación co resto dos bens inmobles que configuran o sistema portuario e de control da ría de Ferrol, no que destacan elementos xa declarados BIC como o Arsenal Militar de Ferrol, o sistema de fortificacións da ría, o ferrolá barrio da Madalena, e outros incluídos no inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, como o núcleo urbano tradicional da Graña e o peirao da Cabana. Por todo o cal, o



informe conclúe coa proposta de declaración do inmovible e predio como BIC, coa categoría de monumento, unha vez que se realice a oportuna delimitación do perímetro do ben e do seu contorno de protección.

Sobre esta base, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural ten intención -en canto teña á súa disposición os informes técnicos pertinentes coa proposta de delimitación do monumento e o seu entorno de protección- de proceder á incoación do expediente de declaración do devandito ben como ben de interese cultural de Galicia, para o cal solicitará os correspondentes informes a tres dos órganos consultivos da Consellería en materias culturais.

Cómpre sinalar así mesmo que no pasado ano 2010 a Consellería de Cultura e Turismo asinou un convenio plurianual coa Fundación Ferrol Metrópoli (para o desenvolvemento do proxecto 'preparación da candidatura de Ferrol da ilustración na lista de patrimonio mundial da UNESCO) mediante o cal, entre outras cousas, se obterá a planimetría dese lugar da Cabana, o que permitirá determinar os perímetros de protección de cara a completar o informe técnico do servizo de arquitectura, que se trasladará a Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural xunto co resto da documentación aportada polo concello no seu día, para a tramitación do procedemento de declaración do ben como BIC."



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62323**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a existencia de dificultades na Comaría da Policía Nacional de Lugo para a tramitación de denuncias en idioma galego e as medidas previstas para resolver este tipo de problemas nas dependencias policiais”**, (publicada no BOPG núm.: 439, do 28 de marzo de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Cando ten coñecemento dalgunha situación contraria ao marco normativo no referente á materia lingüística, a Secretaría Xeral de Política Lingüística procede a contactar coa entidade en cuestión co fin de que contrastar a información e, de ser o caso, procurar que esta emprenda as xestións oportunas para solucionar e evitar situacións como as que se describen na pregunta.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2011


O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62700**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago, sobre **"as previsións da Consellería de Sanidade respecto do reforzamento dos servizos de urxencias das Pontes para que poidan atender tamén ao colectivo de traballadores do complexo de ENDESA fóra do horario de funcionamento do servizo médico da empresa, e a dotación dun servizo de radioloxía ao Punto de Atención Continuada desa localidade"**, (publicada no BOPG núm.: 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O Servizo Galego de Saúde está constituído -segundo a lei 1/89, do 2 de xaneiro- como un organismo autónomo de carácter administrativo, que ten como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia. A Lei 8/2008, do 10 de xullo, de Saúde de Galicia, deseña, no seu artigo 50, as prestacións propias da atención primaria: asistencia sanitaria nas consultas; servizos e centros de saúde; a asistencia sanitaria no domicilio; as actividades programadas polos servizos de saúde en materia de educación sanitaria, vacinación, exames de saúde; así coma atencións, prestacións e servizos á muller, á infancia, ao adulto e ancián e de urxencia.



Por outra banda, o Decreto 200/1993, do 29 de xullo, de ordenación da atención primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a atención primaria na Comunidade Autónoma organízase funcionalmente en Unidades e Servizos de Atención Primaria.

Os PACs configúranse como as estruturas físicas e funcionais sobre as que se sustentan as urxencias extrahospitalarias. Están dotados dunha infraestrutura e equipamento axeitados para proporcionar unha resposta sanitaria eficaz, asegurando a presenza física dos profesionais. A súa implantación enmárcase no desenvolvemento do Plan de urxencias extrahospitalarias, aprobado polo Decreto 172/1995, coa finalidade de orientar e achegar os recursos sanitarios aos cidadáns e cidadás. A central de Urxencias, 061, coordina a actividade asistencial urxente de todos os dispositivos.

De acordo con esta normativa estableceuse no concello das Pontes un servizo de AP e un PAC que atende a demanda asistencial deste concello en tempo e forma.

Non temos coñecemento de ningún cambio na demanda asistencial que puidera facer reconsiderar as estruturas e recursos actualmente dispoñibles.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 62708**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“as previsións da Consellería de Sanidade respecto do cumprimento da normativa vixente en materia de normalización lingüística nos documentos de carácter administrativo xerados no Hospital Comarcal do Salnés, as actuacións e o prazo previsto ao respecto”**, (publicada no BOPG núm.: 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“A Consellería de Sanidade está a cumprir a Lei 3/1983, de normalización Lingüística, nos seus centros do Servizo Galego de Saúde. Nalgún caso, utilizando modelos existentes que son substituídos de forma progresiva, a medida que se van esgotando existencias, polos novos.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

n


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 62733**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Beito Lobeira Domínguez, sobre **"as previsións da Secretaría Xeral de Política Lingüística respecto da reclamación á empresa Spanair do uso da lingua galega na atención aos usuarios ou na realización de servizos aéreos con punto de chegada ou partida en Galicia"**, (publicada no BOPG núm. 443, do 4 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Á Xunta de Galicia correspóndelle garantir o respecto á legalidade vixente e aos dereitos da cidadanía galega en todos os ámbitos, tamén no referente ao marco normativo en materia lingüística.

Así se recolle no artigo 5.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia (Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril), que establece que *'os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal e oficial dos dous idiomas [...]*', e no artigo 2º da Lei de normalización lingüística (Lei 3/1983, de 15 de xuño), cando determina que *'os poderes públicos de Galicia garantirán o uso normal do galego e do castelán, linguas oficiais da Comunidade Autónoma'*. Esta lei tamén establece que *'os poderes públicos de Galicia adoptarán as medidas oportunas para que ninguén sexa discriminado por razón da lingua'*, (artigo 3).



Cómpre, así mesmo, ter en conta a Lei 1/2010, do 11 de febreiro, de modificación de diversas leis de Galicia para a súa adaptación á Directiva 2006/123/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de decembro de 2006, relativa aos servizos no mercado interior (DOG núm. 36, do 23 de febreiro de 2010), que prevé, na disposición adicional sexta, punto 2, que os prestadores de servizos que operen no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, con independencia do lugar de establecemento orixinario, respecten o marco legal vixente en materia lingüística. Con esa finalidade, esta disposición adicional determina que os prestadores de servizos *'favorecerán a normalización progresiva do uso do galego na prestación dos seus servizos e deberanlles ofrecer aos seus destinatarios a posibilidade de manteren a comunicación oral e escrita en lingua galega'*.

De acordo con isto, a Secretaría Xeral de Política Lingüística considera oportuno contactar coa empresa Spanair, á maior brevidade posible, co fin de interesarse polos usos lingüísticos da compañía aérea e de favorecer que inclúa a utilización da lingua propia de Galicia na súa oferta de servizos e, polo tanto, na súa política comercial de cortesía de cara aos seus clientes."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 63571**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **“as medidas previstas pola Consellería de Sanidade para evitarlles aos veciños do concello de Taboada os desprazamentos de máis de corenta quilómetros para poder retirar os seus medicamentos, como consecuencia da súa adscrición ao punto de atención continuada de Guntín”**, (publicada no BOPG núm.: 451, do 14 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

“O Concello de Taboada, aos efectos da ordenación farmacéutica, é unha zona farmacéutica rural, e ao dispor de dúas oficinas de farmacia pode, con carácter excepcional, estar exento de gardas de urxencia nocturnas.

Son os colexios farmacéuticos a quen lles corresponde a organización das quendas, propoñendo aquela ordenación que, cumprindo a normativa, garanta unha adecuada atención (a orde de delegación de competencias nos colexios oficiais de farmacéuticos da nosa Comunidade Autónoma, delega nestes a tramitación e resolución de determinados expedientes e nomamentos, así como o establecemento e modificación, nos termos previstos na normativa, de horarios, turnos de urxencia e vacacións).



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA


Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Traio contacto co colexio farmacéutico correspondente, estase a revisar o calendario de gardas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 63743**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“a colaboración da Xunta de Galicia cun centro universitario privado da Ríoxa para impartir un master on-line de formación de profesorado de educación secundaria”**, (publicada no BOPG núm. 455, do 20 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“Non existe convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e OU e a UNIR para a realización de prácticas do máster de profesorado na nosa comunidade autónoma. Por tanto, os argumentos da exposición de motivos da iniciativa están baseados en premisas que non responden á realidade.

De forma complementaria, inclúese entre a motivación da pregunta outra afirmación errónea. Na actualidade, non existe falta de prazas para cursar o devandito Máster.

A Consellería de Educación acorda todos os anos coas tres universidades públicas galegas o número de prazas e as especialidades que se ofertan, tendo en conta as dispoñibilidades de recursos das propias universidades e a demanda que tiveron anteriormente.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Ante o exceso de prazas ofertadas, algunha universidade solicitou reducir para o próximo curso as prazas dalgunhas especialidades. Ademais, desde o presente curso 2010-2011, a Consellería asinou un convenio de colaboración coa UNED, que incrementa noutras 100 o número total de prazas das que dispón o alumnado galego que queira realizar ese Máster.

Finalmente, sobre o de encarecer o prezo, temos que recordar que se trata dun Máster oficial. A obrigatoriedade de facer este posgrao vén imposta polo Goberno de Madrid. Ao tratarse dunha norma básica hai que acatala obrigatoriedade. Dentro dos prezos deste tipo de posgraos, en Galicia aplícaselle unha tarifa mínima, renunciando á posibilidade de incrementar este prezo que oferta o Ministerio e da que fan uso outras comunidades autónomas.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García



Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **núms.: 63882, 63883, 63884, 63885, 63886, 63887, 63888, 63889, 63890, 63891, 63892, 63893, 63894, 63895, 63896, 63897, 63898, 63899, 63900, 63901, 63902, 63903, 63904, 63905, 63906, 63907, 63908, 63909, 63910, 63911, 63912, 63913, 63914, 63915, 63916, 63917, 63918, 63919, 63920, 63921, 63922, 63923, 63924, 63925, 63926, 63927 e 63928**, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María José Caride Estévez e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **“a denominación, a descrición e as principais características de distintos proxectos incluídos en certas aplicacións orzamentarias”**, (publicadas en BOPG 458, DO 27/04/2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A denominación dos proxectos que se citan é a seguinte:



Nº PREG.	PROXECTO	APLIC. ORZAM.	DENOMINACIÓN
63882	2009 01108	07.01.531A.731.1	TRANSFERENCIA AO IGVS DE FONDOS FEDER E FCI PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63883	2010 00293	07.01.531A.731.0	TRANSFERENCIA AO IGVS DE FONDOS FEDER E FCI PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63884	2008 00520	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63885	2008 00523	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIAS A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63886	2010 00288	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63887	2008 00525	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63888	2009 00956	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63889	2009 00958	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63890	2009 00959	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63891	2010 00285	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA DE FCI LIBRE, PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63892	2010 00287	07.01.542A.730.0	TRANSFERENCIA A AUGAS DE GALICIA PARA A EXECUCIÓN NOS PROXECTOS DO PROPIO ORGANISMO AUTÓNOMO
63893	2008 00506	07.03.541D.601.1	MELLORA DA XESTIÓNS DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS E INDUSTRIAIS
63894	2008 00517	07.03.541D.601.1	PARQUE MEDIOAMBIENTAL DE GALICIA
63895	2009 00977	07.03.541D.601.1	PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS
63896	2008 00506	07.03.541D.623.1	MELLORA DA XESTIÓN DOS RESIDUOS DOMÉSTICOS E INDUSTRIAIS
63897	2009 00977	07.03.541D.623.1	PLAN DE XESTIÓN DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS 2007-20107
63898	2009 00974	07.03.541D.623.2	EQUIPAMENTO DO LABORATORIO DE MEDIO AMBIENTE DE GALICIA
63899	2008 00509	07.03.541D.623.4	CALIDADE DO AIRE
63900	2007 00605	07.03.541D.628.1	EQUIPAMENTO AVALIACIÓN AMBIENTAL
63901	2008 00509	07.03.541D.633.1	CALIDADE DO AIRE
63902	2003 00295	07.03.541D.640.1	VIXILANCIA, CONTROL E REDUCIÓN DA CONTAMINACIÓN AMBIENTAL
63903	2010 00309	07.03.541D.770.0	PROGRAMA DE INVESTIMENTOS AMBIENTAIS NAS EMPRESAS DE GALICIA
63904	2007 00624	07.03.541E.622.1	ACTUACIÓNS EN MATERIA DE MEDIOAMBIENTE



Nº PREG.	PROXECTO	APLIC. ORZAM.	DENOMINACIÓN
63905	2010 00313	07.03.541E.623.1	OBSERVACIÓN E PREDICCIÓN METEOROLÓXICA
63906	2007 00223	07.05.512A.600.0	INVESTIMENTOS EN NOVAS INFRAESTRUTURAS EN MATERIA DE TRANSPORTE
63907	2010 00326	07.05.512A.600.2	CONSTRUCCIÓN DE PLATAFORMAS RESERVADAS PARA AUTOBUSES
63908	2009 00414	07.05.512A.703.0	INTEGRACIÓN FERROVIARIA DA ALTA VELOCIDADE E PLATAFORMAS LOXÍSTICAS
63909	2008 00260	07.05.512A.760.1	PROMOCIÓN DO TRANSPORTE URBANO LIMPO
63910	2007 00905	07.05.512A.770.1	AXUDAS A TITULARES DO TRANSPORTE PÚBLICO POR ESTRADA
63911	2007 00008	07.82.542B.740.0	PROXECTO NON EXISTE EN 2011 (En 2010 correspondía a INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS SE SANEAMENTO NA BACIA HIDROGRÁFICA DE GALICIA COSTA)
63912	2008 00004	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63913	2008 00006	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63914	2008 00007	07.82.542B.740.0	PROXECTO NON EXISTE EN 2011 (En 2010 correspondía a TRANSFERENCIA A EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS)
63915	2009 00009	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63916	2009 00015	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63917	2009 00016	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63918	2009 00017	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63919	2009 00018	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63920	2010 00015	07.82.542B.740.0	PROXECTO NON EXISTE EN 2011 (En 2010 correspondía a TRANSFERENCIA EPOSH-FEDER MELLORA MARXES 2010)
63921	2007 00001	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS.
63922	2009 00003	07.82.542B.740.0	PROXECTO NON EXISTE EN 2011 (En 2009 correspondía á aplicación 623.1)
63923	2008 00005	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA Á EMPRESA PÚBLICA DE OBRAS E SERVIZOS HIDRÁULICOS
63924	2010 00009	07.82.542B.740.0	TRANSF. EPOSH-FCI LIBRE SANEAMENTO
63925	2010 00013	07.82.542B.740.0	TRANSFERENCIA EPOSH-FEDER SANEAMENTO 2010
63926	2009 00014	07.82.542B.740.0	PROXECTO NON EXISTE EN 2011 (En 2009 correspondía á aplicación 352)
63927	2009 00016	07.90.531A.605.0	CREACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL (*)
63928	2010 00014	07.90.531A.605.0	CREACIÓN DE SOLO EMPRESARIAL (*)



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64026**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **“os motivos do recorte das licenzas por estudos ao profesorado”**, (publicada no BOPG núm. 458, do 27 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

“O Diario Oficial de Galicia do pasado 3 de xuño de 2011 publicou a Orde do 18 de maio de 2011 pola que se convocan licenzas por estudos para o curso 2011-2012 destinadas a funcionarios docentes non universitarios e se aproban as súas bases de concesión.

Unha vez analizada a oferta e a demanda nas distintas modalidades correspondentes ás últimas catro convocatorias e tendo en conta o que se está a facer no resto de Comunidades, a Consellería de Educación e OU optou por ofrecer licencias por estudos remuneradas nas que se priorizan os recursos educativos dixitais para o Proxecto Abalar e a potenciación da formación do profesorado nas linguas estranxeiras.

Deste xeito reorganizase a oferta en tres modalidades de licenzas por estudos remuneradas:



Modalidades	Prazas
1. Proxectos individuais para a creación de materiais curriculares dixitais (trimestral)	160
2. Grupo de traballo de dous membros para a creación de materiais curriculares dixitais: (trimestral)	30
3. Perfeccionamento en linguas estranxeiras no exterior (bimensual)	154
Totais	344

Tamén se reconverten as prazas de duración anual en trimestrais, para facelas coincidir cos trimestres do curso escolar.

Así mesmo, tamén foron convocadas para o vindeiro curso licenzas por estudo sen retribución.

Por último, lembrar que as licenzas por estudo para o persoal docente constitúen un complemento á formación anual programada a través de actividades recollidas no Plan Anual de Formación do Profesorado.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García




Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64027**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín, sobre **"a existencia de prazas escolares suficientes para cubrir a demanda dos diferentes concellos galegos"**, (publicada no BOPG núm. 458, do 27 de abril de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Con carácter previo indicar que esta Administración educativa tamén ten coñecemento do *estudo feito pola CIG-Ensino* polas noticias de prensa nos medios de comunicación (por exemplo, la Voz de Galicia do 13/04/2011) e pola información contida na páxina web da referida organización sindical.

Cos datos dispoñibles, descoñecese a natureza do '*estudo*' e as metodoloxías empregadas na súa elaboración; pero, a súa rigorosidade queda en entredito cando se asegura que se trata dunha falta de planificación interesada para fortalecer o ensino privado concertado, ampliando os concertos educativos.

Neste punto indicar que os vixentes concertos educativos son os convocados pola Orde do 9 de xaneiro de 2009, publicada no DOG núm. 14, do 21 de xaneiro, é dicir, cando no goberno da Xunta de Galicia participaba o BNG. Os ditos concertos (cunha validez ata o curso 2010-2013) non se



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

incrementaron polo actual goberno da Xunta. Así mesmo, entendemos que o '*estudo*', polas datas no que se realizou, non contemplou, entre outras, a variante das solicitudes de admisión formuladas por duplicado.

En relación a concreta cuestión formulada na iniciativa, afirmar que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria está xestionando a solicitude de admisión de alumnado en centros públicos e privados concertados para o curso 2011-2012 de conformidade co previsto na normativa en vigor (singularmente o Decreto 30/2007, do 15 de marzo, DOG núm. 54, do 16 de marzo e a Orde do 17 de marzo de 2007 que o desenvolve), garantindo o dereito á educación, o acceso en condicións de igualdade e a liberdade de elección de centro por parte dos pais ou titores."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coas preguntas con resposta escrita **números.: 64046, 64047, 64048, 64049, 64050 e 64051**, formuladas polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Lage Tuñas, sobre **“diversas cuestións relacionadas co castro de Baroña, no concello de Porto do Son”**, (publicadas nos BOPG 460 e 477 do ano 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo** que ten o seguinte contido:

“Tal e como se indicou nas respostas referidas e como anunciou o propio Conselleiro de Cultura e Turismo en contestación a unha pregunta formulada polo deputado asinante na sesión plenaria do Parlamento de Galicia celebrada o pasado nove de marzo, a Consellería de Cultura e Turismo ten previsto intervir no presente ano nas seis zonas puntuais de “impacto crítico” identificadas dentro deste xacemento no estudo de ‘Levantamento topográfico, documentación e estado actual do Castro de Baroña’.

Este estudo foi promovido pola actual Secretaría Xeral para o Turismo e autorizado pola Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, ambas dependentes da Consellería de Cultura e Turismo, logo de catorce anos sen que se realizasen actuacións arqueolóxicas no ámbito do castro.

De xeito concreto, tal e como se ten anunciado por parte da Xunta de Galicia, realizaranse actuacións de mantemento e conservación neste



mesmo ano nas seis zonas do xacemento que así o precisan, segundo as necesidades de conservación detectadas no devandito estudo, afectando todas elas a estruturas que non foron obxecto de consolidación nas campañas realizadas no castro durante as décadas dos oitenta e noventa e localizadas na zona de entrada, sometida a un maior tránsito de visitantes.

Con estas actuacións cúmprese de xeito taxativo as determinacións contidas no Plan Especial que, en relación á área de protección do Castro de Baroña (apartado 3.b.1), contempla que será obxecto dun Plan Director e que, namentres non se redacte o mesmo, as únicas obras autorizables serán aquelas que teñan un carácter 'urxente' en razón do mantemento e conservación do xacemento.

Así as cousas, a pesar de que o castro é de titularidade estatal –o que implica que, con independencia das actuacións da Xunta de Galicia, o primeiro deber e obriga de conservalo corresponde legalmente ao seu propietario- e a pesar de que o actual contexto de contención do gasto público autonómico obriga a priorizar actuacións tamén no ámbito patrimonial, o investimento previsto pola Consellería de Cultura e Turismo nos anos 2011 e 2012 para o desenvolvemento desta tarefa de posta en valor no castro de Baroña e no seu entorno protexido é de dúas anualidades de sesenta mil euros, dándose deste xeito continuidade lóxica á do estudo de 'Levantamento topográfico, documentación e estado actual do Castro de Baroña'.

Así mesmo, cómpre indicar que, cumprindo co compromiso adquirido pola actual Xunta de Galicia coa protección deste ben senlleiro do patrimonio galego, o Diario Oficial de Galicia ven de publicar a resolución da Consellería de Cultura e Turismo, a través da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, pola que se incoa o expediente para a declaración como ben de interese cultural, coa categoría de monumento, do castro de Baroña. Resolución que determina a aplicación inmediata e provisional do réxime de protección



previsto para os bens xa declarados na Lei 8/1995 de Patrimonio Cultural de Galicia e, en concreto, a suspensión das correspondentes licenzas municipais de parcelación, edificación ou demolición nas zonas afectadas pola declaración, así como dos efectos das xa outorgadas. Asemade, as obras que, por causa de forza maior, interese xeral ou urxencia, tivesen que realizarse con carácter inaprazable precisarán, en todo caso, de autorización dos organismos competentes da Consellería de Cultura e Turismo.

Con estas actuacións da Xunta de Galicia queda garantida a correcta protección e conservación do castro de Baroña, na que deben colaborar de xeito coordinado as distintas administracións públicas implicadas.

Neste sentido, o desenvolvemento a curto prazo doutras actuacións contempladas no Plan Especial -e os mecanismos máis axeitados para desenvolvelas- deberán ser en todo caso avaliados pola Administración Local e pola Administración Xeral do Estado, propietaria do ben.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64270**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo e dona Isabel Sánchez Montenegro, sobre **"a situación na que se atopa a concesión de auga procedente do río Goiáns solicitada pola Asociación Cultural Moendo Vivo no concello de Brión para a posta en marcha dun proxecto de recuperación de catro muíños na parroquia de Luaña, e as razóns do requirimento de Augas de Galicia de instalación dun contador"**, (publicada no BOPG núm. 463, do 4 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A concesión outorgada á Asociación Cultural Moendo Vivo, para o río Goiáns no concello de Brión, por resolución de data 21 de xaneiro de 2009 do presidente do organismo autónomo Augas de Galicia, está pendente da fixación dunha data para a realización do recoñecemento final da obra que foi comunicada polo concesionario o pasado 1 de abril de 2011.

No oficio cursado produciuse un erro ao incluír a mención á instalación dun contador, xa que tal condición non é congruente co contido da condición particular nº 3 da concesión na que non figura a obriga de dispoñer dun sistema de medida ou control das augas detraídas, tal e como prescriben o artigo 55 do Real Decreto Legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de augas, e o artigo 2.24 do Plan



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Hidrolóxico de Galicia - Costa, senón que se deixa a criterio da Administración impoñer a dita obriga no futuro.

En consecuencia e a modo de conclusión, a Administración Hidráulica de Galicia non esixirá o pagamento do canon da auga a esta asociación cultural para os fins autorizados na concesión."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64351**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María do Carme Adán Villamarín e don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"as razóns da Xunta de Galicia de non apoiar a iniciativa de promoción do galego entre a mocidade "Correlingua 2011" e as previsións ao respecto"**, (publicada no BOPG núm. 463, do 4 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"Cómpre sinalar que ao longo do ano se desenvolve por toda Galicia unha importante cantidade de actividades e de iniciativas que teñen como obxectivo fomentar a lingua galega (o seu coñecemento, uso e visibilidade social).

Boa parte das ditas actividades e iniciativas son realizadas directamente desde as administracións autonómica e local, incluíndo entre as primeiras as que se fan desde o ámbito educativo. Noutros casos, son entidades sociais e asociativas as que as levan a cabo, con ou sen axuda das administracións, dependendo dos casos.

No caso concreto do Correlingua, trátase dunha actividade organizada pola asociación MESA, polo sindicato CIG e a polo colectivo de renovación pedagóxica AS-PG, coa colaboración dalgúns concellos, deputacións e universidades.

A Xunta de Galicia non participa directamente no Correlingua, pero si contribúe coa súa celebración a través de diferentes vías.

Así, na convocatoria de subvencións para entidades locais de 2010, os seguintes concellos recibiron axudas da Secretaría Xeral de Política Lingüística para a



participación no proxecto Correlingua como unha actividade de dinamización social da lingua galega: Santiago, A Estrada, Cangas de Morrazo, Bueu, Carballo, Oleiros e Pontevedra.

Ademais, cómpre sinalar a participación dos centros educativos, xa que nos proxectos lingüísticos de centro (PLC) dalgúns centros educativos se inclúe a participación de alumnado nesa actividade.


E respecto do ensino superior, tendo en conta que existen en vigor convenios de colaboración coas tres universidades de Galicia para a dinamización da lingua galega, a Xunta de Galicia está achegando recursos para que as ditas universidades participen no Correlingua.

O Correlingua constitúe unha iniciativa cunha ampla difusión. Malia todo, existen outras iniciativas dirixidas ás franxas de idade máis novas que contan cun maior impacto social. É o caso do programa Bocaberta, organizado pola Secretaría Xeral de Política Lingüística, que na edición 2010-2011 (desde outubro de 2010 a maio de 2011) congregou preto de 500.000 participantes, entre pais, nais e rapaces e rapazas de entre 3 e 18 anos.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castiño García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia


148136




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 64393**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **"a existencia de toponimia deturpada no Catálogo de bens de patrimonio histórico do Ministerio de Cultura"**, (publicada no BOPG núm.: 463, do 4 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Educación e Ordenación Universitaria**, que ten o seguinte contido:

"A Secretaría Xeral de Política Lingüística basea a súa valoración dos feitos descritos no marco legal vixente en materia lingüística.

Os topónimos forman parte do patrimonio de Galicia, por iso a Xunta reitera o seu compromiso para defender e facilitar o cumprimento do marco legal vixente sobre esta materia.

O artigo 10 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística fai referencia á toponimia e ten plena validez para as actuacións das administracións públicas de Galicia e tamén para as empresas privadas, que deben recoller esa prescrición.

Actualmente, está rematado o proceso de fixación dos nomes das entidades e núcleos de poboación de toda a comunidade autónoma galega. O denominado Nomenclátor de Galicia, que inclúe os nomes das provincias, concellos, parroquias e lugares, está recollido en catro decretos



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

correspondentes ás catro provincias que compoñen administrativamente Galicia:

- Decreto 332/1996, do 26 de xullo (Ourense),
- Decreto 219/1998, do 2 de xullo (Pontevedra),
- Decreto 6/2000, do 7 de xaneiro (Lugo) e
- Decreto 189/2003, do 6 de febreiro (A Coruña).

As normas, unha vez publicadas, son de obrigado cumprimento para todo o mundo, ben sexan particulares ou administracións, polo que despois da súa entrada en vigor todos e todas temos a obriga de cumprilas.

Con este fin, a Xunta de Galicia realizará as xestións oportunas co Ministerio de Cultura para que resolva a situación descrita. Así mesmo, ofreceralle asesoramento lingüístico para levar a cabo as modificacións necesarias no catálogo de bens de patrimonio histórico.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64618**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo X. López Vidal e dona Beatriz Sestayo Doce, sobre **"a execución pola Xunta de Galicia das obras necesarias para evitar os problemas ocasionados nas vivendas dos veciños afectados polas obras da estrada AC-566, Narón-Campo do Hospital, ao seu paso polas Lagoas, no concello de Narón, as razóns do diferente trato que se está a aplicar no que atinxe aos muros de cerramento das propiedades e a realización dos accesos"**, (publicada no BOPG núm. 468, do 11 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"As afeccións derivadas da execución da obras ás que se fai mención na pregunta foron as necesarias e foron debidamente indemnizadas; de existir algunha afección innecesaria, da que non ten coñecemento a dirección da obra, sería preciso especificar a finca da que se está a falar, para analizar a situación concreta.

Non hai diferenza de trato entre as empresas e os particulares no que atinxe aos muros de cerramento das propiedades.




O acceso ás vivendas particulares realízase mediante vaos rebaixados, con rebaixe de bordos de 10 cm. e unha pequena rampla na beirarrúa, axeitados a vehículos lixeiros, propios de vivendas particulares.

Ao tratarse dunha obra de mellora da seguridade viaria, o proxecto de trazado non se someteu ao trámite de información pública, de conformidade co establecido coa lexislación vixente (artigo 15.1 da Lei 4/1994, do 14 de setembro, de estradas de Galicia), polo que non houbo fase de alegacións. Os escritos dirixidos polos/as veciños/as afectados/as que contiñan queixas relativas ás obras foron considerados pola dirección desta e atendidos dentro das marxes que permiten o proxecto e a obra, aínda que non fosen contestados por escrito.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Robert Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

- 7 XUÑ. 2011

Núm. 65712

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 6 XUÑ. 2011

SAÍDA

Núm. 7839

En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64619**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don Pablo X. López Vidal, sobre **"a execución pola Xunta de Galicia das obras de mellora necesarias no punto quilométrico 15 da estrada AC-862, Ferrol-Límite da provincia da Coruña, na parroquia de Doso, no concello Narón"**, (publicada no BOPG núm. 468, do 11 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"O treito da estrada AC-862 comprendido entre Xuvia (p.k. 7+320) e o límite da provincia da Coruña (p.k. 69+480) foi obxecto de obras para a mellora da seguridade viaria. As obras, adxudicadas o 18 de maio de 2009 por importe de 6.594.181 euros comezaron o 25 de xuño de 2009. A obra tivo un modificado, do 10 de xuño de 2010, por importe de 1.114.555 euros.

Con esta actuación, a estrada mellorou en varios tramos a súa sección transversal, ao dispor de carrís centrais nalgunhas interseccións e a habilitación de lugares para realizar cambios de sentido.

As actuacións realizadas foron as seguintes:



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

- Reforzo do firme en todo o tramo.
- Mellora de varias das interseccións do tramo, de modo que se faciliten las operacións de entrada e saída da estrada principal.
- Mellora de sinalización, balizamento e defensas.

Tendo en conta estas circunstancias, a Dirección Xeral de Infraestruturas valorará a necesidade de acometer novas obras nesta estrada.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 64645**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona María Concepción Burgo López e don José Luis Méndez Romeu, sobre **"o orzamento que vai destinar a Consellería de Cultura e Turismo, así como os demais departamentos da Xunta de Galicia, para a realización do I Festival internacional Rías Baixas de música, danza e teatro, os datos referidos á súa organización e á contratación dos artistas e das empresas de produción"**, (publicada no BOPG núm. 468, do 11 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Cultura e Turismo**, que ten o seguinte contido:

"A Consellería de Cultura e Turismo, a través da Axencia Galega das Industrias Culturais, está a cumprir cos seus compromisos de promoción, fomento da creación, produción e distribución no sector das artes escénicas, así como co pulo á dinamización da Rede Galega de Teatros e Auditorios.

De feito, a pesar do complicado contexto económico actual, o esforzo que se está realizando por parte da Administración Autonómica –fundamentalmente mediante a contención na redución das axudas á produción e o mantemento da inversión nas redes dependentes da Agadic- permitirá incrementar este ano o número de representacións artísticas dentro das mesmas.

Así, na Rede Galega de Teatros e Auditorios mantense o número de espazos programados (con só un menos que, por exemplo, no ano 2007), mantense o esforzo económico (superando incluso lixeiramente os realizados en períodos



moito máis favorables, como o ano 2007) e auméntanse o número de funcións (con 40 máis que no 2009 e 19 máis que no 2010).

Así mesmo, a Xunta de Galicia ven de declarar o presente ano 2011 como Ano da Música, co propósito de poñer en valor o sector musical galego e plasmar a importancia estratéxica que ten para o desenvolvemento da cultura propia e para o impulso das nosas industrias culturais.

Dentro deste marco xeral de actuación, a promoción das artes escénicas e musicais e o fomento da innovación e a creación na nosa comunidade autónoma ocupan un lugar prioritario na política de actividades desenvolvida para o presente ano.

Neste contexto se enmarca a colaboración da Consellería de Cultura e Turismo co I Festival Internacional Rías Baixas de música, danza e teatro, a celebrar na provincia de Pontevedra ao longo do próximo mes de xullo, e ao que se destina na presente anualidade a cantidade económica de cen mil euros.

Esta colaboración se materializa, por medio da Axencia Galega das Industrias Culturais, a través da sinatura dun convenio para a realización de actividades, como complemento aos máis de mil actos que terán lugar en 2011 en toda Galicia con motivo das celebracións do Ano da Música.

De xeito pormenorizado, esta achega da Consellería de Cultura e Turismo inclúe o compromiso de actuación e produción dos artistas galegos Son de Seu e Luz Casal, así como do Centro Dramático Galego, con dúas funcións da súa última produción, A Ópera dos tres reás.

Esta iniciativa conta así mesmo co apoio institucional da Deputación de Pontevedra, do Ministerio de Cultura, dependente do Goberno Central, e da Secretaría General Iberoamericana - SEGIB.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 6 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García


Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65059**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Carlos I. Aymerich Cano, sobre **“o prazo previsto pola Xunta de Galicia para a instalación dun paso de peóns no punto quilométrico 10 da AC-433, no lugar de Catrelo, en Soesto, no concello de Laxe”**, (publicada no BOPG núm. 477, do 25 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“A normativa que está a aplicar a Xunta de Galicia, e que regula a creación de pasos de peóns nas estradas, é a Orde Circular 1/2008 ‘Sinalización horizontal e limitación de velocidade en treitos urbanos e pasos de peóns’.

O tramo polo que se interesa a iniciativa non reúne as condicións esixidas na normativa vixente, polo que non se podería autorizar a localización dun paso de peóns no punto solicitado.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias





Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 65065**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Ana Luisa Bouza Santiago e dona María Teresa Táboas Veleiro, sobre **"a entrada en concurso de acredores da Fundación Galicia Saúde, responsable da xestión do hospital do Centro Galego de Bos Aires"**, (publicada no BOPG núm.: 477, do 25 de maio de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Sanidade**, que ten o seguinte contido:

"O motivo da entrada en concurso é a extinción do contrato de xestión sanitaria en aplicación da cláusula terceira, apartado 5 2 do mesmo, que conduce a un proceso de extinción da Fundación por ser este o seu único obxecto.

O Goberno do bipartito herdou unhas contas en superávit e debería ter aplicado, en legalidade, esta cláusula ao longo do período no que se mantivo ao fronte do Padroado por concorrer as causas que nela se recollían.

O actual Goberno da Xunta adoptou as medidas que legalmente procedían.

Nestes momentos, tanto os síndicos en Arxentina como os administradores concursais en España están a facer valoración sobre esta e outras cuestións.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Foi o Padroado o que encargou esta auditoría de situación contable

As actuacións que ten previsto realizar o Goberno Galego son as que se vaian marcando polos administradores e síndicos no proceso concursal.”

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

h

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/bl



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65188**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“as previsións de presenza da lingua galega nas indicacións de obras nos viais e infraestruturas de titularidade autonómica”**, (publicada no BOPG núm. 483, do 3 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O artigo 139.3 do Regulamento Xeral de Circulación, aprobado por Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, establece que a responsabilidade da sinalización das obras que se realicen nas vías obxecto da lexislación sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade viaria, corresponderalle aos organismos que as realicen ou ás empresas adxudicatarias daquelas.

O persoal responsable da dirección das obras dita as instrucións pertinentes ao respecto naquelas que están baixo a súa dirección, sen que exista constancia de que, tal e como se afirma na pregunta, a práctica totalidade das indicacións de obras nas infraestruturas de titularidade autonómica exclúan ao galego.

Con todo, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas terá en consideración o indicado nesta iniciativa e tentará corrixir, se fose necesario e na medida do posible, esta situación.”



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIONES PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 8 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/ms



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm.: 65203**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Bieito Lobeira Domínguez, sobre **“a exclusión da lingua galega na sinalización de paneis luminosos da autovía das Rías Baixas, A-52, no túnel da Cañiza”**, (publicada no BOPG núm.: 483, do 3 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“O uso dos idiomas nos Paneis de Mensaxes Variables (PMV) en comunidades autónomas con linguas cooficiais está rexida polo principio 8 da Resolución do 1 de xuño de 2009, da Dirección Xeral de Tráfico, que recolle que “Naquelas comunidades autónomas con linguas cooficiais, enviarase ao PMV dúas mensaxes alternadas: unha a incorporada no anexo II: outra na lingua cooficial. A tradución á lingua cooficial será determinada polo director do Centro de Xestión”

De acordo co artigo 139.2 do Regulamento Xeral de Circulación aprobado por Real Decreto 1428/2003, do 21 de novembro, a autoridade encargada da regulación do tráfico será responsable da sinalización de carácter circunstancial en razón das continxencias daquel e da sinalización variable necesaria para o seu control.



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Tendo en conta o anteriormente exposto, dado que a autovía A-52 forma parte da Rede de estradas do Estado e que a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas non ten competencia sobre estas vías, a Consellería poñerá en coñecemento da 'Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia' esta situación para a súa emenda."

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 9 de xuño de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias


Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

RS/mc



En relación coa pregunta con resposta escrita **núm. 65293**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de don José M. Lage Tuñas e don Pablo X. López Vidal, sobre **“o prazo previsto polo Goberno galego para o pagamento dos terreos expropiados para a construción do corredor Brión-Martelo-Noia”**, (publicada no BOPG núm. 486, do 8 de xuño de 2011), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

“Os pagamentos xa efectuados correspondentes ás expropiacións dos terreos afectados pola construción do tramo Martelo - Noia, do corredor Brión - Noia ascenden a 2.000.878 euros. Polo tanto, a maior parte dos pagamentos xa foron realizados. Os pagamentos que restan por realizar iranse efectuando na medida en que as dispoñibilidades do crédito destinado a este fin así o permitan.”



XUNTA DE GALICIA


CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA

Dirección: Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela, 10 de maio de 2011

O director xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias



Roberto Castro García

Excma. Sra. Presidenta do Parlamento de Galicia



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727